

# C O U S A S D E A R T I S T A S

(Os persoaxes son dúas estatuíñas de bronce que acougan sóbor da mesa d'un despacho, facendo de pisapapeis. Unha d'elas representa a Plauto. Viste de román acomodado e téñ o xesto de artista que se retrata pra o público. Na outra déixase ver a figura de Martínez, o célebre e universalmente coñecido autor dramático. Téñ unha man metida no peto do pantalón e coa outra reforza unha guía do bigote.

MARTINEZ. - Lembrareime tod'a miña vida de aquela noite. Era tanto o barullo dos aprausos, que nas casas mais alonxadas da cidade, escoitouse algo semellante a un trono que se perde na lonxanía. Os espeitadores estaban tolos de entusiasmo. Un conde, doume a man da sua filla, e un ricachón, instituíume seu herdeiro universal.

PLAUTO. - Quén che fixera caso! Contas tantas argalladas, que as veces, hastra me dá noxo ser teu compañeiro.

MART. - Olla o que dis! (parece que vai sacar a man da alxibeira do pantalón, pero non a saca). Vai chegar un día en que me canse de ouvir esas tuas imperinencias e faga unha que valla por dúas. A culpa téñoa eu por falar con ñorantes. Se non fora porque me aburro de ficar sempre calado!

PLAU. - Por min podes falar o que che dea a gana. O que non quero é que coides que son parvo, e que che creo todol-os teus contos.

MART. - Vaia, vaia! Parece que se me en vexa.

PLAU. - (Con xesto despeitivo, anque sin se mover) Envexarte eu a ti? Non quixera mais que ter glándulas salivales, pra cuspir no chan.

MART. - Cando eu digo que aquí vai pasar unha!

PLAU. - Que fale eu, que fun un artista famoso, a quen a humanidade rendiu xusta admiranza, pase, que fales ti...

MART. - Quixera eu coñecer os teus trunfos.

PLAU. - Si che contara! (en tono amistoso) Foi un trunfo outo, pero tamén merescido. Poñíase en escea aquela miña gran obra «Aulularia».

MART. - Maximo que non me tomarás por tan simple que faga caso de todas esas hestorias. Pol-o d'agora non chochei.

PLAU. - (En tono irónico). Parece mentira que o gran dramaturgo Martínez, non lése na sua vida ningún estudo encol do arte de Plauto.

MART. - Craro que lin, mais como se escriben tantas parvadas, non lle dei creto. Tamén houbo quen dixo que o meu arte era de percal, e non embargante, ninguén poñerá en dúbida que sexa eu o mais grande dramaturgo dos séculos.

PLAU. - Ja, ja, ja! O mais grande dramaturgo dos séculos!

MART. - Parece que te fruslas, Plauto!

PLAU. - Non me fruslo. Non fago mais que me desbandullar de risa. Ja, ja, ja! O mais grande dramaturgo dos séculos!

MART. - Esto xa é de mais! Eisixireiche unha reparación pol-as armas. Mais denantes, vou andar contigo a labazadas pra que se che avermellen esas meixelas de ética.

(No intre de erguer a man Martínez, pra cumprir a sua amiaza, lémbrese que é de bronce, e fica inmóvil. Mellor dito, sigue reforzando a guía do bigote, Plauto, nin siquiera respira. Así pasa algún tempo. Como é de noite, non se ve ren. Plauto rompe a falar).

PLAU. - (Con voz cariñenta). Martínez.

MART. - (Encabuxado). Qué?

PLAU. - Quzríache pedir perdón. En min tiveches decote un bó amigo. Eu sempre fun un pouco bulrista, pero endexamais maxinei que te puxeras así (pausa) Craro, ti eres do drama, i-eu son da comedia.

MART. - Non tes mais que decir?

PLAU. - Sí, téñoche que decir unha cousa que estiven maxinando. Un meio de rematar cas nosas loitas de orgulo. Que ben nos levaríamos se non fóramos artistas! Escoita o que che vou decir. A ti goréntache que te ademiren, nonsí?

MAR. - Goréntame a admiranza, porque son meresciente d'ela.

PLAU. - Goréntache, tamén, falar dos teus trunfos.



MART. - Craro!

PLAU. - E de tratar de ñorantes ôs que non comprenden o teu arte,

MART. - Non cho hei de negar.

PLAU. - Pois a min goréntanme, tamén, todas esas cousas. Agora escoita o que maxinei. Unha noite, tocarache a ti de falar. A outra, tocarame a min. A noite que che cadre a ti, contarás os teus trunfos, relatarás as tuas aventuras, e poñerás com'a sol d'un zapato ôs que non souperon comprender o teu arte subri-me. Eu escoitarei, e direi a todo que sí, anque nada crea. A noite que me cadre a min, trocamos os papeis. Entendeches?

MART. - Sí, entendín, e paréceme moi ben. D'aquí en diante seremos grandes amigos, Es mais listo da que eu coidaba.

PLAU. - (Pra sí), Esta loubra paréceme que vai de veras.

(Calaron porque escomenzaba a abrir o día).

MAGARIÑOS NEGREIRA

Negreira Xulio 1927.

**Todo Ideal xeneroso, sostense tanto como pol-a sua mesma purga, pol-a intransixencia en canto a il se refire dos indivi son pque o profesan.**



O día de Galicia virá, meigas fora. Cada un que pasa vaise arrechegando.

Todal-as inquedanzas que nos traen as horas ô pasar, xúntanse n-unha direición, e fan unha corrente ideolóxica. Esta corrente non ten forza d'abondo hoxe para ir limpando de cantullos e pedruallo o seu camiño. É o que lles sucede a total-as cousas cando están mais ou menos en período de formación.

Pero non está lonxe o día que esa corrente ideolóxica teña vida «sua» d'abondo para levarnos a todos por diante ô campo onde frorezan as novas roseiras da renacencia céltiga. E d'estonces xa veremos.

Entramentres, vámolaa andando.

E por min que non perda.

XOSÉ LESTA MEIS

## Os piñeiros mortos

*Afiado o berro dos carros  
fende o sol-pôr amarelo.  
Rube a lua pol-o monte  
para despedil-o enterro.*

*As estrelas en ringleiras  
alumean o vieiro;  
o bosque despeiteado  
enloitouse de silenzo.*

*Co ollar humido de verde  
camiñan os bois labregos,  
levando os piñeiros mortos  
no primeiro cadaleito.*

*O serán cóncavo e fondo  
molla pol-o mar os ecos  
das doidas bateladas  
que pinga a campá do ceo -*

*Ficou chorando no campo  
o enorme e viudo vento,  
buscándoos as palpadelas  
na orfandade do ermo.*

L. AMADO CARBALLO

Pontevedra.

**Un tipo moi vulgar e tamén moi despre-  
ciabre é aquel que encubre a sua falla de  
sentimentos ideolóxicos coa noxenta más-  
cara do exceñicismo.**

VICENTE RISCO

ABOGADO

Santo Domingo, 47-2.º — Ourense

